

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil encargou ao CSIC de Granada un estudo sobre o estado das augas na comarca da Limia.

O Consello Superior de Investigacións Científicas alerta dunha situación alarmante por contaminación orgánica, no canle de Antela e nunha charca areeira a só 400 metros dun depósito de esterco de galiña de grandes dimensións que se fue acumulando ao aire libre, sobre a terra.

Aínda que non a niveis tan altos coma neses puntos, parece que a contaminación pola alta concentración e non adecuada xestión de puríns, é un problema en toda a zona e afecta aos sistemas acuíferos.

Nesa zona ubícanse explotacións de gandeiría intensiva das que dependen postos de traballo, nunha provincia onde non abundan as actividades que o fagan.

Por iso é fundamental atallar este problema que é un problema ambiental e de de saúde, pero que tamén pon en perigo a viabilidade futura destas actividades.

Por todo elo o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Cál é a valoración que fai a Xunta de Galicia dos datos que aporta o CSIC sobre a contaminación das augas na zona estudada?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2015.



Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 20/01/2015 10:41:00